



PLAN ANUAL DE USO E POTENCIACIÓN DO GALEGO

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Colexio San Narciso. (Marín)

Curso 2010-2011

PLAN ANUAL DE USO E POTENCIACIÓN DO GALEGO

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
Colexio San Narciso. (Marín) curso 2010-2011

O número maioritario de pais e nais castelán falantes pertencentes á Comunidade Escolar do Colexio San Narciso presenta unha realidade sociolingüística complexa que esixe unha implicación pormenorizada do conxunto do profesorado e da dirección do mesmo na promoción do galego na Comunidade Escolar poñendo especial atención na aplicación do novo decreto. Propomos como principais obxectivos a lograr:

A)-OBXECTIVOS

- Promover e reelaborar toda a documentación precisa (Proxecto Lingüístico e Plan Sociolingüístico do Centro) para poñer en marcha as reformas legais a aplicar algunhas xa no curso pasado outras no presente, que substitúen o anterior Plan Xeral de Normalización do centro.
- Conseguir que os alumn@s deste centro acaden a precisa competencia no uso da lingua galega.
- Promover accións que garantan os dereitos lingüísticos dos nen@s galegofalantes durante toda a súa escolarización.
- Seguir garantindo a normalización do uso do galego en todo tipo de actividades dentro e fóra do recinto escolar.
- Tratar de superar o rexeitamento que cara á lingua galega que amosa unha parte da Comunidade Escolar, castelán falantes, vencendo os prexuízos que rodean á lingua galega e o seu uso.
- Traballar a prol harmonización e do reforzo progresivo do uso do galego na docencia de infantil a bacharelato en función do contexto lingüístico da que parte o centro.
- Colaborar co Equipo Directivo, distintos departamentos ANPAS e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro estreitamente para que as accións que leve a cabo teñan presente a potenciación e uso do galego.
- Potenciar actividades que conduzan a unha normalización efectiva do galego con outros centros educativos.
- Informar e asesorar aos mestres sobre as estratexias educativas máis eficientes no terreo da educación multilingüe.
- Coordinar esforzos colectivos a prol do galego como lingua habitual do centro na súa dobre vertente oral e escrita.
- Velar pola implicación de todos os compoñentes da Comunidade Educativa no proceso de normalización.
- Colaborar en dinámicas de dinamización lingüística na FEREGA.
- Utilizar a páxina web do centro como vía de potenciación do uso do galego na actividade docente.
- Elaborar materiais didácticos como a edición dixital da revistas escolares.

B) LIÑAS DE ACCIÓN:

a)A PLANIFICACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA. Realizarase no contacto inicial cos pais ou titores dos nen@s un intercambio de información de cal é a lingua empregada habitualmente na casa e no seu entorno, propiciando unha especial participación dos pais e nais nas actividades previstas na campaña pola competencia lingüística.

Este curso en Educación Infantil segue o proceso de introdución de material didáctico en galego. Farase un esforzo por ir creando unha serie en unidades didácticas específicas para estes cursos. O tempo dedicado a estas unidades será como mínimo o que estipula a implantación novo decreto. No presente curso a tradición oral e actividades relacionadas con ela de novo terán unha presenza especial a carón das actividades de contacontos e traballo do léxico que se intensificarán especialmente.

É convinte para avaliar os nosos avances no uso do galego realizar unha actividade de valoración da situación real na práctica e coñecemento da lingua galega ao comezo e, igualmente, ao final de curso, cousa que se repetirá para cada un dos ciclos. Tamén o uso e potenciación do galego en Educación Infantil e os restantes ciclos pasa por seguir coa mellora e ampliación con material en galego para a biblioteca e ludoteca da aula.

No tocante a 1º Ciclo de Primaria, no que se refire á lectoescritura, o normal é que se inicie na mesma lingua predominante, aproveitando logo a proximidade dos códigos para ir trasladando á outra lingua as aprendizaxes que se produzan na primeira. Insistir na comunicación en galego para evidenciar o potencial do seu uso en nen@s monolingües e ir creando a necesidade de acadar un nivel competencial.

É importante analizar a incidencia das actividades que a potenciación do uso do galego en Infantil teñen nos nenos e nenas, polo que recomendamos se faga unha cala a través dunha enquisa ou actividades de léxico elemental e expresión ao comezo deste ciclo. Dados os resultados avaliábeis no proceso da competencia no pasado período, cobra unha importancia relevante este labor e a pericia dos mestres desta etapa na súa tarefa de planificar, desenvolver, avaliar e axustar as diversas actividades de potenciación do galego. Experiencia como “O Libro da Memoria” entre outras relacionadas coa implicación tamén das casas no proceso de recuperación de hábitos lingüísticos para a nosa lingua, teñen especial relevancia, campañas institucionais como as Letras Galegas ou outras xeradas no propio centro como as relacionadas coa Animación á Lectura e actividades nas que mesmo asisten as familias como a festa de fin de curso.

b) A PLANIFICACIÓN NO 2º E 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Promover novas dinámicas para participar do Proxecto Lingüístico do Centro e o seguimento da aplicación do novo decreto. Seguir co “libro da Memoria”, traballo de recollida de cantigas, refráns, contos, lendas e adiviñas populares para elaborar unha revista ou memoria e unidades didácticas para cada ciclo referidas ao calendario anual de costumes e tradicións, experiencia realizada tamén en cursos pasados, poñendo tamén no presente unha especial atención en concretar en forma de revista escrita ou dixital esta experiencia rica e interesante polo efecto que produce nas casas. Das importantes campañas de Animación á lectura e do mes do libro infantil e xuvenil tamén se debería procurar extraer unha serie de datos cualificables e obxectivos de qué xeito fortalecen o uso do galego, a mellora a competencia lingüística.

Insistimos en manter a elaboración dos murais de exposición nos corredores de 2º e 3º Ciclo, especialmente este último, onde o galego debe ter maior presenza pois detéctanse claros síntomas de diglosia activa nos alumn@s que chegan a etapa de secundaria.

É preciso establecer parámetros, criterios e unificar dinámicas de avaliación deste proceso a prol da competencia lingüística para o que EDLG proporá a habitual reunión específica no primeiro mes de curso co profesorado de Primaria, por un lado, e co de Secundaria co fin de coordinar estes aspectos primordiais da nosa Campaña pola Competencia Lingüística, este ano xirará sobre as novidades que introduce o novo decreto de maio do 2010.

c) A PLANIFICACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E O BACHARELATO.

O EDLG debe promover actividades específicas enfocadas a estes cursos iniciais da ESO, é o momento de asentar dinámicas favorables cara a lingua para toda a etapa. A mellora na planificación de potenciación do galego nos derradeiros cursos de Primaria e a coordinación cos iniciais da Secundaria encamiñada a que a competencia lingüística sexa plena en ambas dúas linguas oficiais, traballando este tema cos departamentos de Castelán e Galego (os profesores respectivos) cos que se procurará realizar unha sesión de traballo de coordinación ao comezo do curso e outra de avaliación cara o final do mesmo. Ten especial relevancia a comprensión e implicación do proceso por parte dos alumn@s polo que se deberán deseñar mesmo actividades amplamente participativas e coherentes co Plan Lingüístico do Centro. Por isto, seguiremos mantendo a presenza do galego como lingua vehicular nunha parte importante das materias impartidas, seguindo as directrices emanadas da normativa vixente. En materias que a pesar de non ser esixidas pola lei os seus profesores non amosan ningún problema á hora de incorporarse ao proceso de potenciación que o noso centro apoia como son as titorías ou o proxecto curricular de 1º ESO.

Tamén na ESO e BACHARELATO debe poñerse en práctica unha avaliación e conseguinte planificación axustada á implicación tanto individual como colectiva no proceso dos educandos. Instituír unha campaña por curso na que os motores sexan @s propi@s alumn@s (este ano arredor do valor do respecto co epígrafe ou lema “RESPECTO Á DIFERENZA, DEREITO Á IDENTIDADE” que no EDLG adaptamos ao proceso de formación da persoa que é como un camiño no curso un referente para dar a coñecer Galicia para o mundo e mesmo propicia unha reflexión sobre nós mesmos. A interacción das actividades do EDLG cos diversos Plans postos en marcha no presente curso, como utilización das denominadas novas tecnoloxías (PLAN TIC) combinadas coas campañas de Animación á Lectura (como a denominada Martín Sarmiento da FEREGA do PLAN LECTOR), actividades de convivencia lúdicas-festivas, intercambios, etc... volve a ser especialmente transcendental.

A realización de actividades interdisciplinares en galego que non só impliquen aos Departamentos das Filoloxías senón que vaian contribuíndo á creación de materiais en galego específicos e válidos para diversas materias e Departamentos, así como a dinamización e traballo conxunto co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (DACE) son liñas de acción consolidadas ano tras ano.

Neste nivel seguimos cunha campaña específica dirixida máis á concienciación individualizada, de cara a que asuman como necesario e rendible para o seu futuro laboral unha mellora na utilización do galego dado que eles tamén neses cursos están planeándose o seu futuro profesional.

d) A PLANIFICACIÓN NO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, NAS TITORÍAS E NOS ASPECTOS ADMINISTRATIVOS E DE RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Propiciar a campaña de concienciación dirixida aos pais para que comprendan e compartan a nosa aposta pola mellora na competencia lingüística dos nosos alumn@s, que a mesma LOE contempla, e que os seus fillos e fillas asuman con eles a importancia e rendibilidade futura de que no proceso educativo estea contemplado o uso habitual da nosa lingua. O Departamento de Orientación e acción tutorial impulsa esta dignificación e uso vehicular do galego coa elaboración de material pedagóxico e didáctico (material tutorial, enquisas e comunicacións cos pais tanto orais como escritas). Neste labor seguirá xogando un papel relevante este ano tamén a páxina Web do centro que pretende seguir incorporando elementos de uso habitual para o conxunto da Comunidade Educativa en galego.

C) DO SEGUIMENTO DO PLAN SOCIOLINGÜÍSTICO DE CENTRO

1ª) PLANIFICACIÓN PARA UN NOVO PERÍODO 2010-2012.

O EDLG do Colexio S. Narciso na liña de traballo seguida ata o de agora, promove cada curso un debate da cuestión lingüística para renovar o seu compromiso coa lingua de Galicia e establecer criterios para o tratamento das demais linguas no centro. Parece obvio traballar nas dúas direccións, que se marcaban no antigo Plan Xeral para o uso do noso idioma e que agora se deben axeitar como consecuencia da aplicación da novo decreto de uso do galego nos centros:

- A potenciación pertinente do uso do **galego vivo a través das actividades** docentes e administrativas do centro.
- A mellora da **competencia lingüística** e a valoración positiva do uso da lingua entre os membros da Comunidade Educativa. O asentamento e recoñecemento por parte de todos os membros da Comunidade Escolar da importancia e transcendencia do noso labor.

A estas dúas debemos engadir outras que se incorporan como esenciais dos EDLG:

- A **análise e avaliación pormenorizados da situación sociolingüística do centro** e da súa evolución curso a curso (aínda pendente dunha sistematización efectiva).
- O **seguimento do PROXECTO LINGÜÍSTICO e un GUIEIRO para a PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.**
- A **coordinación cos órganos creados pola administración ou noutros centros (FEREGA)** para propiciar unha Planificación máis harmónica e intercambio de experiencias.

Os OBXECTIVOS MÍNIMOS. Cara o próximo curso 2010-11 e para cada ciclo de INFANTIL E PRIMARIA, da ESO e BACHARELATO fixamos os seguintes puntos mínimos, que xa pasaron pola a Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e que veñen sendo froito dunha revisión lóxica do Plan Anual de Potenciación do galego do curso pasado e as medidas de posta en marcha do Decreto de uso do galego nos centros do 2010:

- a) Manter un equipo de traballo Primaria-Secundaria para análise coherente da situación lingüística do centro e o seguimento do Proxecto Lingüístico anual e das directrices do guieiro para a Planificación Sociolingüística .
- b) Regularizar o uso do galego en Educación Infantil a través dunha campaña específica sobre a rendibilidade pedagóxica da competencia lingüística dos nen@s co incremento do material didáctico a utilizar e a aplicación de novas dinámicas de introdución do galego en contextos castelán falantes.
- c) Mellorar a planificación do uso do galego nos ciclos de PRIMARIA de cara a que ao remate da etapa a competencia lingüística dos rapaces sexa unha realidade. Aplicación do “Proxecto PEQUECHÁN da aula á casa” e o LIBRO DA MEMORIA en todos os ciclos.
- d) Asentar o uso como lingua vehicular e polo tanto como normal na comunicación alumn@/profesor na ESO e BACHARELATO.
- e) Garantir que todo o material do Departamento de Orientación e Acción Tutorial circule en galego, segundo a propia lexislación orienta ao igual que o referido á administración do centro.
- f) Implicar directamente ao EDLG como departamento na nova etapa de dinamización das Bibliotecas do centro así como procurar a interacción do Proxecto Lingüístico cos Plans Lector e TiC .
- g) Colaborar co D.A.C.E. na concreción do calendario anual de actividades co uso vehicular do galego.

- h) Concreción dun amplo programa de actividades relacionadas coa expresión dramática e creativa dende Educación Infantil a Bacharelato a prol da normalización con carácter interdisciplinar. (Hai que ter en conta que este ano mantemos no programa de actividades o FESTIVAL DAS LINGUAS e especialmente algúns dirixidos a toda a Comunidade Escolar).
- i) Colaborar cos Departamentos de Filoloxía no PLAN de LECTOR na secundaria que terá cada ano unha temática distinta. Participar no Premio anual Martín Sarmiento da FEREGA.
- j) Mellorar da capacidade de traballo do EDLG na concreción de actividades referentes ao lema anual referido ao Respecto e/ou a concursos ou actividades que repercuten no noso entorno de xeito directo (Entroido, Maios, Mostra de Teatro...)
- k) Poñer en marcha un grupo de traballo específico para a realización das revistas Chan do Monte e Pequechan na que se pretende sumar a colaboración da ANPA.
- l) Colaborar en dinámicas cos centros de ensino da FEREGA a que a través dos Equipos de Dinamización, participación de campañas e actos.
- m) Renovar e mellorar a nosa páxina web, especialmente a través dos blogs e a revista dixital de cara a facer dela unha ferramenta máis eficaz (lembramos a creación no curso pasado do blog propio do EDLG con motivo dos seus 15 anos de existencia)

2º)CAMPAÑA A PROL DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: 15 ANOS DO ENDL

Este curso continuamos coa campaña que, motu propio, puxemos en marcha xa hai varios cursos, baseada na distribución dun díptico a prol da COMPETENCIA LINGÜÍSTICA, unha campaña de cara a concienciar da rendibilidade do uso do galego polos alumn@s do San Narciso dirixida ao conxunto da Comunidade Escolar que se concretan na difusión e explicación para pais-nais a proposta conxunta co Departamento de Orientación (coincidindo cos contactos iniciais do curso nas reunións informativas) e actividades como a realización de actividades para diversos niveis de primaria e secundaria, así como unha actividade específica destinada ao profesorado facendo fincapé na maior versatilidade do profesorado que saca rendibilidade ao uso do galego na aula independentemente da materia de que se trate. Insistimos en que os resultados é necesario cuantificalos e avaliar este proceso que se inicia coa difusión de dito díptico neste curso. Tamén se debe subliñar a importancia e o feito positivo de que esta campaña estea asumida e apoiada polo propia Dirección do San Narciso. Tentarase manter presente esta liña de traballo tamén a través da revista de cada aula do proxecto PEQUECHAN e a dixital en Secundaria CHAN DO MONTE.

3º)COLABORACIÓN CO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA DA FEREGA

A nosa intención de integrar a nosa dinámica de potenciación e uso do galego no Plan conxunto dos centros asociados á FEREGA (un total de 123 centros adscritos que recolle iniciativas dirixidas á administración dos centros, á pastoral, á docencia e ao alumnado) a pesar de que en moitos casos as nosas iniciativas van xa por diante do que dito Plan se propón, asenta un compromiso de afondar e mellorar o noso Plan coas experiencias que noutros centros se realizan e aportar a nosa experiencia ao conxunto de centros que están adscritos á FEREGA. De especial relevancia citar a participación no Premio “Martín Sarmiento” sobre a lectura. Tamén as Xornadas de Normalización da FEREGA-CECA que se convocan anualmente para os centros adscritos.

4º PROMOCIÓN DA PÁXINA WEB DO CENTRO NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN A TRAVÉS DOS BLOGS e A REVISTA DIXITAL

No presente curso volvemos a revitalizar a páxina do centro e do EDLG para converter a mesma nunha ferramenta eficaz no uso e potenciación da nosa lingua tanto por parte dos profesores e mestres como por parte dos educandos, mesmo das familias ou outros visitantes que poida ter a nosa páxina (por exemplo ex-alumnos, alumnos doutros centros interesados na información que o EDLG vai ir colgando como froito do traballo do presente curso). Trátase dun esforzo para que a páxina web sexa unha ferramenta de uso cotián, un recurso didáctico máis para a aprendizaxe do manexo da información á que queremos incorporar a nosa experiencia particular e facilitar á vez o acceso a páxinas galegas de interese para diversos ámbitos. Este ano seguiremos realizaremos un esforzo especial no seu uso por parte da Comunidade no seu conxunto mantendo a iniciativa nacida no curso pasado da revista dixital.

5ºCAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO GALEGO A TRAVÉS DAS TIC, ANIMACIÓN Á LECTURA, TEATRO E OUTRAS ACTIVIDADES:

Ao incorporar de xeito planificado e con carácter xeral as TIC no centro cremos que deben ser tamén unha

ferramenta eficaz na promoción e estímulo ao uso da lingua. O centro oferta, por exemplo, unha optativa denominada Comunicación multimedia onde unha parte vai dirixida á elaboración de materiais didácticos a prol da competencia lingüística dos alumn@s a distintos niveis. Tamén nas Bibliotecas de Primaria e Secundaria imos estar moi presentes nas diversas actividades de Animación á Lectura que se teñen deseñadas no Plan Lector. No presente curso participaremos de novo en diversas iniciativas teatrais en galego como a Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo. Teatro en vivo e en galego que irá acompañado de actividades complementarias (exposicións, concursos, charlas,...) para o noso e os demais centros participantes. Será un motor importante na promoción do uso do galego entre os alumn@s, especialmente, pois son eles os verdadeiros protagonistas deste evento.

D) ACTIVIDADES DO CURSO 2010-2011 (VER ANEXO O PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES)

E) ACCIÓNS PROPIAS DO EQUIPO:

Tras da celebración dos 15 ANOS DO ENDL debe asumir o papel de primeiro dinamizador do uso do galego no noso centro pola propia lei, pero tamén ser conscientes de que debe implicarse ao conxunto do profesorado e ao equipo directivo e, en gran medida, ao conxunto da Comunidade Educativa nun proceso lento, pero ben asentado que vimos dalgún xeito propiciando coas nosas actividades en cursos anteriores. Seguiremos pois incidindo en todas aquelas actividades que cremos son positivas para a promoción e uso do galego no centro. Realizamos como é costume a publicación da prensa e revista escolar, reforzaremos a actualización e promoción de uso da Páxina WEB do Centro, Mostra de Teatro do Morrazo, as oracións matinais que se realizan diariamente. Proporcionamos información sobre a normativa e materiais existentes ao conxunto do profesorado e alumnado. Propiciamos diversos grupos de traballo que colaboran co DACE e co Departamento de Pastoral na realización de actividades interdisciplinares e mesmo promovemos a colaboración de pais e nais nas actividades do EDLG, e especialmente dun gran número de alumn@s da ESO e Bacharelato na discusión e posta a punto do programa de actividades do presente curso.

F) MEMBROS E CALENDARIO DE XUNTANZAS:

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizará como mínimo unha reunión trimestral, ademais das xa establecidas inicialmente para realizar o seguimento do Proxecto Lingüístico do centro e das que o ritmo das distintas actividades impoña durante o curso. Como é obvio, pola súa composición complexa, os membros de Infantil e Primaria terán que desenvolver proxectos autónomos ao igual que os de ESO e Bacharelato, precisando da coordinación á hora de incidir no Conxunto da Comunidade. Este ano seguirá tendo unha hora semanal de reunión no caso de secundaria e renova o seu compromiso de colaboración co Plan de Dinamización da Lingua Galega da FEREGA. Sería interesante incorporar a algún profesor/a máis no equipo de Secundaria.

ESO e BACHARERLATO:

Profesores: Héctor M. Silveiro Fernández (coordinador), Darío Suárez Pérez, Adolfo Caamaño Vázquez, Teresa González.

Alumn@s: Alexandro Roldán Fraga, Enma Moure Pintos, Carolina Suárez Blanco, Alba Amoedo Arias, Belén Santaclara Pousada e Daniel Pousada González.

INFANTIL E PRIMARIA:

Mestres: Peregrino Dopazo Pérez (3º Ciclo), Manuela Rodríguez Lorenzo (1ºCiclo), Alfonso Calvar (2º Ciclo) e Consuelo Picáns Davila.(Infantil)

Persoal non docente: Pilar Arias Carabelos.



PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Colexio San Narciso. (Marín)

Curso 2010-2011

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO EDLG. CURSO 2010-11

A) No ámbito administrativo: Neste ámbito xa existe unha práctica habitual do uso da nosa lingua:

- Redacción de toda a documentación de uso interno e externo en galego (boletíns informativos e de avaliación, comunicados, avisos, menús do comedor, horarios actividades extraescolares, etc...)
- Rótulos en galego en todo o centro (indicadores de portas, servizos, taboleiros, instalacións,...)
- Asesoramento especializado ao persoal non docente para que no desenvolvemento das súas funcións poida empregar a lingua galega.
- Atención aos pais con corrección e sempre que sexa posible empregando a lingua galega.
- No presente curso utilizaremos tamén a páxina web e os seus blogs para potenciar o uso do galego na relación casa-escola.

B) No ámbito docente:

B.1) ACTIVIDADES EN INFANTIL e PRIMARIA

Con carácter anual:

-LEMA DO CURSO: “RESPECTO Á DIFERENZA, DEREITO Á IDENTIDADE” adaptando o tema central do RESPECTO ao quefacer diario.

-DO PROXECTO DE SOLIDARIEDADE E PROGRAMA MEDIOAMBIENTAL: É importante a elaboración de material en galego, dado que é un material que circula con frecuencia da escola ás casas. Tamén as propostas didácticas de Educación medioambiental por coherencia co que xa se realiza en Coñecemento do Medio realizase en galego na medida do posible, tendo en conta que se realizan tanto saídas educativas ou actividades no centro.

- PROGRAMA DE ANIMACIÓN Á LECTURA: “LENDO VIVIRÁS A DIFERENZA” é o lema da campaña deste curso de animación á lectura, que inclúe a dinamización da Biblioteca de Primaria e o proxecto “Vai de poesía” (cos libros de Gloria Sánchez “Rimas con letras” A. G. Teijeiro “Paseniño, paseniño, Neira vilas e Anisia Miranda “Cantarolas” e selección de Rosalía e Celso Emilio, Cabanillas, etc.) e actividades como os Libros da memoria ou as sesións de contos bilingües galego-inglés.

-PROMOCIÓN DE XOGOS TRADICIONAIS trátase dunha actividade a desenvolver ao longo de todo o curso coa lingua vehicular é o galego. A través do lúdico, desenvolvendo o psicomotriz, asociar este programa á nosa tradición oral. Introducción dos xogos de léxico en galego.

Actividades Trimestrais:

1º TRIMESTRE:

- 1- Acto inaugural do curso e Xornadas de Sensibilización: Lema “O Respeto: aprende a sacar o mellor de ti”. Campaña de rotulación e unidades didácticas.
- 2- Reunións informativas en galego cos pais sensibilización no que se difunde ou lembra o traballo pola competencia lingüística do EDLG por parte dos titores.
- 3- Festa das Cabazas e do MAGOSTO ou DEFUNTOS: coas correspondentes unidades e traballos-murais. Saída a Castiñeiras e visita ao Muíño (S. Xián) Achegamento á nosa etnografía cultural. Concursos de Buxainas e de contos de medo.
- 4- Actividades de NADAL. (Preparación de Advento e paraliturxia, unidades didácticas, panxoliñas concerto) e saída a Marín para desexar "Bo Nadal").

2º TRIMESTRE:

- 5-Semana da PAZ: Celebración do día da “Non violencia” Traballo nas aulas e posta en común (materiais en galego).
- 6-ENTROIDO: Festa de comparsas, elaboración das coplas e coa participación de pais e nais nas elaboracións da repostería tradicional e recompilación das receitas típicas. Participación no concurso municipal.
- 7-TEATRO NA ESCOLA: Asistencia ao Ciclo de Teatro galego de Caixanova e o Concello de Pontevedra.

3º TRIMESTRE:

- 8- MES DO LIBRO (do 6 ao 30 de abril) presenza nas bibliotecas de aula do libro infantil en galego. Encontros con autores e con ilustradores. Un traballo nas aulas sobre libros, textos e ilustracións dos autores citados e outros diferentes materiais bibliográficos. Sesións de contos bilingües inglés-galego con Tim Bowley e Charo Pita.
- 9- Festa dos MAIOS (elaboración de coplas e maio en distintos cursos, participando nos concursos da localidade de Marín con varios grupos).
- 10-LETRAS GALEGAS: Traballos sobre o noso idioma e LOIS PEREIRO, unidade EDLG “**De amor e enfermidade**”.

11- Educación Medioambiental xornadas de fin de curso (Unidades de reciclaxe, estadías e traballo en Granxas, Excursión ao parque Natural das Illas Atlánticas: Illa de Ons).

12- Actividade multidisciplinar para toda a Comunidade Escolar: Todos os cursos de Infantil a Bacharelato participan nunha actividade con deporte, dramatizacións, vídeos e paneis elaborados durante o curso nos patios e zonas exteriores do Centro sobre o tema do “RESPECTO”

B.II) ACTIVIDADES NA ESO e BACHARELATO:

Con carácter anual:

-LEMA DO CURSO: “**RESPECTO Á DIFERENZA, DEREITO Á IDENTIDADE**” adaptando o tema central do “RESPECTO: aprende a sacar o mellor de ti” na procura da descuberta da Galicia que levamos dentro de aí a intención de traballar nunha proposta didáctica e exposición: “Galicia no mundo”

- LENDO VIVIRÁS A DIFERENZA é o lema da campaña deste curso de **animación á lectura en galego**, que inclúe a dinamización da Biblioteca de Secundaria e o proxecto “Poetízate” e un conxunto de campañas bimestrais na propia biblioteca (Outono de follas e letras, De medo, Nadal, A paz das letras, Achégate con amor, Letras Galegas, Areal de libros) nas que o EDLG terá participación e presenza activa a través dos Club de dinamización da Biblioteca que entre outras actividades manterá o blog da mesma.

-CINE NA ESCOLA: Inclusión no programa de producións en galego (películas, curtas, documentais...) como parte da educación en relación cos medios audiovisuais na escola. En coordinación con distintos departamentos (Ciencias, Xeografía e Historia, Plástica e Visual, Galego e Cultura Clásica haberá diversas proxeccións facendo uso preferente das versións galegas- no caso de existiren- de diverso material audiovisual).

1ºtrimestre:

1-Acto de apertura do curso integramente en galego (intervencións do director e representantes do profesorado e alumnado). Cine Forum, ficha da película: “Invictus”.

2-Xornadas de Sensibilización: Material titorías en galego co lema: “RESPECTO:”).

3- Pastoral en Galego celebración de San Vicente Paúl.

4- Reunións informativas de outubro cos pais e nais: Campaña a prol da competencia lingüística 15 anos do ENDL. Presentacións informativas da titoría en galego por acordo do claustro.

5-Campaña de apertura da biblioteca: O libro: un camiño. Celebración do Día de San Narciso e do día das Bibliotecas escolares. (actos na Biblioteca nos que colabora o EDLG)

6- Agosto:O día de defuntos: Concurso: “ de Medo” elaboración Unidade e actividades en galego: UN OUTONO PARA VIVIR A DIFERENZA (Poesía, símbolos e festas populares do outono, botánica seguindo a Sarmiento, refraneiro, arte e historia de Marín, arquitectura popular como o muíño de S. Xián).

7- Presentación do proxecto GALICIA NO MUNDO nas aulas e na blog do EDLG dirixido ao conxunto da Comunidade Escolar.

8- PRENSA LOCAL/ DIXITAL: un traballo procura e tradución ao galego de diversas edicións dixitais de periódicos do Camiños (inglés, francés, portugués, castelán...chínés, africanos) de EDLG e Departamentos de Linguas instalando nun blog o traballo de tradución ao un blog da nosa páxina. Esta actividade terá unha duración de dous trimestres.

9-ACTIVIDADES PARA NADAL: Actividade parateatral (recitados, dramatoizacións e montaxe de sombras) e paraliturgia con alumn@s do 1ºCiclo da ESO, 4º da ESO e de 1ºe 2º de Bach. traballando contidos tocados na aula sobre a modo de resumo do 2010 “**Do Courel a Compostela, un camiño de estrelas**”. (Departamentos de Linguas e Normalización Depart. de Plástica e Titorías e de Pastoral.).

2ºtrimestre:

11-Día da PAZ:Campaña sobre a non violencia. Nota informativa a toda a comunidade educativa e actividade titorial. Elaboración dunha ficha técnica para o Cine forum (traballando dous niveis 1º e 2º da ESO e 2º ciclo e Bacharelato).

12- Entroido: Concurso de coplas e comparsas de carácter temático para Secundaria e Bacharelato. (escollerase unha temática para traballar por cada curso).

13- Campañas do trimestre da Biblioteca. “ Achégate con amor” (Concurso de cartas, Club de lectura...)

14- Participación do centro na XV Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo (de carácter itinerante) coa creación ou adaptación dunha obra, ademais da asistencia ás diversas representacións. Tamén asistiremos ao Festival GRECOLATINO de Lugo.

15- SEMANA SANTA. Pastoral en galego: Acto fin do trimestre de carácter relixioso e vicenciano .

3º trimestre:

16- Abril dos libros: Presentación dun libro e visita de autores na Biblioteca de secundaria. .

17- (1º Ciclo ESO e 4º ESO) e (Bacharelato) e de novo celebración do FESTIVAL DE DIÁLOGO DE LINGUAS: Na biblioteca (por departamentos) e no Salón e actos (recitados, presentacións multimedia, dramatizacións dos distintos cursos).

18-Semana das Letras Galegas. LOIS PEREIRO NAS LETRAS GALEGAS. Edición de Marcadores de fomento do uso do galego.

19- ACTO DE DESPEDIDA DE 4º da ESO e 2º de Bacharelato, creación dun traballo vídeo dixital específico.

20- Día do Medio Ambiente.Unidades creadas para a ocasión.

21- EXPOSICIÓN do proxecto Didáctico do EDLG deste curso: GALICIA NO MUNDO: respecto á diferenza, dereito á identidade

22-FESTA do COLEXIO: Clausura do curso cunha actividade levada a cabo polo profesorado e alumnado dende Infantil a Bacharelato onde estea presente a Comunidade Escolar coa organización dunha xornada coordinada co conxunto de departamentos.

Actividades de cara á Comunidade Escolar

Son unha serie de actividades a desenvolver sen data determinada, unhas cara o comezo do curso, outras cara o final, outras en diferentes momentos ou con carácter continuado ao longo do curso que poden ter unha especial repercusión no entorno do centro, na comarca, mesmo máis alá da propia comarca do Morrazo-Pontevedra:

- COMPETENCIA LINGÜÍSTICA (dirixida a Pais e Nais e Mestres e alumnado).

-Unidades didácticas sobre a nosa cultura: O camiño de Santiago, o fenómeno de identidade, Galicia no Mundo.

- Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo, implica un traballo lingüístico importante entre diversos centros da comarca, que conleva unha posta en escena tanto nos centros como fóra deles.

Elaboración de paneis sobre as montaxes da Aula de Teatro (memoria).

- Elaboración da revista escolar CHAN DO MONTE DIXITAL.

- Galego na rede, unha campaña que a través da WEB do centro intenta poñer en contacto no día a día aos alumn@s coa información en lingua galega facilitando os enlaces de páxinas galegas que abranguen moi diferentes campos de interese para os educandos e educadores. Ademais estamos colocando toda unha serie de materiais na nosa páxina dos diversos traballos que realiza o EDLG no noso blog.

Marín, 16 setembro 2010